

CAFARNAÚM

[Nadine Labaki, 2018]

487

ESTREA EN NUMAX: 15.02.2019 | V.O.S.E. | +16

Cafarnaúm (2018, 120')

Dirección: Nadine Labaki (Historia: Labaki Jihad Hojeily)

Guión: Nadine Labaki

Elenco: Zain Al Rafeea, Yordanos Shiferaw, Boluwatife Treasure Bankole, Kawthar Al Haddad, Fadi Kamel Youssef, Cedra Izam, Alaa Chouchnieh, Nour el Husseini, Elias Khoury, Nadine Labaki

Son: Chadi Roukoz

Montaxe: Konstantin Bock, Laure Gardette

Música: Khaled Mouzanar

Dirección de arte: Nizar Nassar

Vestuario: Zeina Saab Demelero

Fotografía: Christopher Aoun

Produtora: Les Films des Tournelles (Líbano)

Distribuidora: Caramel Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Árabe, Amhárico

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2019 (Nomeado a mellor filme de lingua estranxeira), Cannes 2018 (Premio do Xurado, Cidadanía e Xurado Ecuénemico), Globos de Ouro 2019 (Nomeado a mellor filme de fala non inglesa), BAFTA 2018 (Nomeado a mellor filme de fala non inglesa)

FILMOGRAFÍA

Río, eu te amo, 2013

¿Y ahora adónde vamos?, 2011

Caramel, 2007

SINOPSE

Beirut, Líbano. Zain é un neno de doce anos intelixente e valente, que sobrevive aos perigos das rúas da cidade grazas ao seu enxeño. Fuxindo dos seus pais, e facendo valer os seus dereitos, recorre á xustiza para demandalos polo 'crime' de darlle a vida. Unha fábula contemporánea de carácter político sobre un neno que se rebela contra a vida que lle impuxeron vivir.

«Un filme que fai do exceso a súa forma melodramática e o resultado é emocionante. Non podes apartar a mirada dos actores infantís»

Salvador Llopart, LA VANGUARDIA

Filme subtitulado ao galego por NUMAX grazas á colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia



“Quería que o filme se metese debaixo da pel dos personaxes no canto de facer o proceso contrario”

Entrevista con Nadine Labaki

Por Alfi

Por que quixeches que o teu filme se chamase Cafarnaúm? O título impúxose sen dar-me conta. Cando empecei a darlle voltas a esta película, o meu home suxeríume que escribise nunha lousa colocada no medio da nosa sala de estar todos os temas dos que quería falar, todas as obsesións que tiña nese momento. É o que adoito facer coas ideas que quero desenvolver. Pouco despois, cando volví ver o que escribira na lousa díxenlle: O certo é que todos estes temas fan un verdadeiro capharnaüm (palabra francesa que significa leoneira, desorde, caos). E iso é o filme: (un) cafarnaúm.

E cales foron os primeiros temas que escribiches nesa lousa? Nos meus filmes sempre sinto a necesidade de cuestionar o sistema preestablecido e as súas contradicións, mesmo para imaxinar sistemas alternativos. Nos inicios os temas eran: inmigrantes ilegais, nenos maltratados, traballadores inmigrantes, a absurda idea das fronteiras, o feito de que necesitamos un anaco de papel

para demostrar a nosa existencia, e que pode deixar de ser válido se é necesario, o medo ao outro, o pouco interese que esperta a Convención sobre os Dereitos do Neno...

Con todo, elixiches centrar o filme no tema da infancia? A idea de construír o filme ao redor do tema da infancia maltratada naceu en paralelo a esta chuvia de ideas. Produciuse despois dun feito que sucedeu xusto no momento en que estaba a traballar nesas ideas. Volví dunha festa a iso da unha da mañá. Detívenme nun semáforo e vin pola xanela un neno medio durmido nos brazos da súa nai, que estaba sentada no asfalto, mendigando. O que máis me impactou foi que ese neno de dous anos non estaba a chorar; estaba profundamente durmido. Non me podía quitar da cabeza a imaxe dos seus ollos pechados; cando cheguei a casa quixen facer algo con esa imaxe. Debuxei a cara dun neno berrando á cara de adultos coma se quixese culpalos de traelo a un mundo que lle privou de todos os seus dereitos. Así foi como empezou a desenvolverse a idea, coa infancia como punto de partida porque, obviamente, é a etapa que configura o resto das nosas vidas.

Todos os actores son persoas cuxas vidas son moi similares ás dos personaxes do filme. Por que tomaches esa decisión? En efecto, a vida real de Zain é similar (en varios aspectos) á do seu personaxe. O mesmo vale para Rahil, unha persoa sen papeis. Para o personaxe da nai de Zain, inspireime nunha muller que coñecín que tivera 16

fillos e que vivía nas mesmas condicións que no filme. Seis deles morreran; outros estaban en orfanatos porque non podía ocuparse deles. Na realidade, a muller que interpretou a Kawthar alimentaba aos seus fillos con azucre e cubiños de xeo. De feito, o xuíz da película é xuíz na vida real, eu era a única “nota falsa”. Por iso quixen que a miña participación fose mínima. A palabra “interpretación” que se utiliza para actuar sempre foi un problema para min, e sobre todo no caso de *Cafarnaúm*, onde a sinceridade absoluta era a clave. Debíallo a todos aqueles aos que este filme serve como pancarta de protesta para a súa causa. Era fundamental que os actores coñecesen as condicións que estabamos a mostrar, para darlles lexitimidade cando falaban da súa causa. De todos xeitos, creo que sería imposible que uns actores interpretasen a estas persoas cunha equipaxe tan pesada, persoas que viven nun inferno. De feito, eu quería que o filme se metese debaixo da pel dos personaxes no canto de facer o proceso contrario.

Publicado en newcinema.es
Tradución: Olalla Cocina

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€
Faite NUMAX!

Abónate agora e ven sempre por